

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON13I0D5	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Fecha</i> 15-03-19 13:33

Asunto
Concesión de diversos postos na nave 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.



INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece:

"Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.."

Emítase o presente informe ao obxecto de xustificar a necesidade e idoneidade da licitación promovida pola Concellería de Mercados relativa á explotación dos postos emprazados na nave 5 do Mercado de Abastos.

O Regulamento Municipal da Praza de Abastos aprobado por acordo plenario do 29 de xaneiro de 2006 establece no seu artigo 9 que corresponde ao Concello de Santiago a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas. A este respecto, e para os casos de postos que queden vacantes, o artigo 10 do Regulamento establece que as adxudicacións realizaranse por procedemento aberto segundo establecido na normativa de contratos públicos.

A referida nave 5 está integrada por unha serie de postos actualmente vacantes, trala celebración dun procedemento de licitación anterior, para cúa adxudicación en réxime de concorrencia elaboráronse os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas respetando o establecido na normativa de contratación e o Regulamento Municipal da Praza de Abastos.

DATOS PARA LA TRAMITACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1.SERVIZO/ DEPARTAMENTO/CENTRO XESTOR QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN

Promoción económica e Servizo de contratación e servizos comunitarios

2. OBXECTO DO CONTRATO

Concesión para explotación dos postos emprazados na nave 5 do Mercado de Abastos

3. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

A explotación en réxime de concesión dos seguintes postos:

- Local nº 11: dimensións de 9,03 m2. (equivalencia 2 postos Mercado de Abastos).
- Locais nº 6 e 7: dimensións de 13,90 m2 cada un. (equivalencia 3 postos do Mercado de Abastos)

4.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA : NON SE ESIXE

5.-TIPO DE LICITACIÓN:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1310D5	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Fecha</i> 15-03-19 13:33

Tómase como referencia o prezo de traspaso de casetas e postos fixado no contrato formalizado coa Sociedade Cooperativa Mercado de Abastos que, a súa vez, coincide co que se está a empregar como prezo de partida na totalidade dos traspasos realizados dende o ano 2000 que ascende a 6.010, 12 euros por posto ou caseta. Dado que o que se licita son postos de nova construción cuas dimensións exceden das correspondentes a un posto dos existentes no recinto, indícase nos pregos a súa correspondencia; polo que os prezos de saída serán:

Local nº 11: 12.024 euros/local
Locais nº 6 e 7: 18.036 euros/local

6.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS:

De conformidade co artigo 9.2 do Regulamento o prazo da concesión de cada posto establécese en 15 anos iniciais prorrogables por un periodo de 5 anos máis ata un máximo de 50 anos.

7.-CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

Os descritos no informe emitido pola técnica de responsable da oficina de Promoción Económica que se achegan.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019 .

A XEFE DE CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS


Asdo.: Rocío Montañés Fernández